

Concepto	€/ unidade
Exptes. de solicitude de informes á Comisión Patri- monio .....	19.50
Exptes. Solicitude de autorización ó Servicio Provin- cial de Urbanismo .....	32.50
Bastanteo de poderes para surtir efectos nas Oficinas Municipais.....	6.50
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-4	0.10
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-3	0.20
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-2	0.90
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-1	1.50
Fotocopias de escritos ou documentos en formato A-0	3.00
Solicitudes de autorización promovidas por particu- lares, á Deputación, etc.....	3.25
Por cada escrito ou solicitude a rexistrar en Portelo Único .....	2.00
Por expedición de copias de informes ou atestados de accidentes confeccionados pola Policía Local.....	65.00

Cambados, a 25 de abril de 2003.—O Alcalde,  
José Manuel Cores Tourís. 3474

## E D I C T O

Téndose elevado a definitivo o acordo de apro-  
bación inicial da “Ordenanza Municipal Regulado-  
ra da tenza de animais potencialmente perigosos”,  
e dando cumprimento ó disposto polo artigo 70 da  
Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de  
Réxime Local, fáise público o seu texto íntegro que  
é do seguinte tenor literal:

### ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

#### CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

*Artigo 1º.—Obxecto.*—1.—A presente Ordenan-  
za ten por obxecto a regulación da concesión e re-  
novación das licencias administrativas para tenza  
de animais potencialmente perigosos, a regulación  
do rexistro municipal de animais potencialmente  
perigosos, e a determinación das taxas pola presen-  
tación destes servizos. 2.—Asemade, crease a Sec-  
ción Local do rexistro Galego de Identificación de  
Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos  
(REGIAC), que conterà a información referente ós  
animais de compañía residentes no concello, que se  
remita desde o REGIAC. 3. Quedan excluídos da  
aplicación da presente Ordenanza os cans e ani-  
mais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e  
Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía

das Comunidades Autónomas, Policía Local e em-  
presas de Seguridade con autorización oficial.

*Artigo 2º.—Definición de Animal Potencialmen-  
te Perigoso.*—1.—Considéranse animais potencial-  
mente perigosos, no ámbito territorial da Comuni-  
dade Autónoma de Galicia, todos aqueles que per-  
tencendo á fauna autóctona ou alóctona,  
independentemente da súa condición, natureza, es-  
pecie ou raza á que pertencen, e convivindo no  
contorno humano como animais domésticos ou de  
compañía, sexan susceptibles de ocasionala  
morte, ou lesións ás persoas ou a outros animais,  
ou de producir danos de certa entidade ás cousas.  
2.—No caso concreto dos cans, entenderase por  
potencialmente perigosos aqueles nos que con-  
corran calquera das condicións seguintes: a) Cans  
que tiveran algún episodio de agresión a persoas  
ou ataques de certa entidade a animais ou ás cou-  
sas. b) Cans que foran adestrados para a garda e  
defensa. c) Cans que polas súas características ra-  
ciais puidesen ser aptos para o adestramento, para  
a garda e defensa, e en concreto, os pertencentes  
ás razas seguintes: American Staffordshire Terrier,  
Pit Bull Terrier, Bullmastif, Doberman, Dogo Ar-  
xentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tíbet, Fila  
Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario,  
Presa Mallorquino (Ca de Bou), Rottweiler, Staf-  
fordshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu. Tamén  
serán considerados neste apartado os cruces en  
primeira xeración destes, cruces destas razas entre  
si ou cruces destes con outras razas, obtendo unha  
tipoloxía similar a algunha das razas anteriormen-  
te descritas. d) Cans que manifesten unha marcada  
agresividade natural ou inducida mediante ades-  
tramento, malos tratos ou calquera outro medio. A  
dita agresividade será apreciada pola autoridade  
competente da Consellería de Medio Ambiente, de  
oficio ou logo de notificación ou denuncia, e logo  
de informe dun adestrador ou veterinario designa-  
do para o efecto.

#### CAPÍTULO II DA LICENCIA MUNICIPAL

*Artigo 3º.—Licencia Municipal.*—1.—A tenza de  
animais potencialmente perigosos requirirá a ob-  
tención, con carácter previo á adquisición do ani-  
mal, da correspondente licencia municipal, que se  
expedirá no concello de residencia habitual do pro-  
pietario. 2.—Nos supostos previstos no apartado  
2.a) do artigo 2º, o titular do can disporá do prazo  
dun mes para solicita-la licencia administrativa, a  
contar desde a resolución dictada para tales efec-  
tos. 3.—Nos supostos previstos no apartado 2.d) do  
artigo 2, o concello comunicará os feitos á autori-  
dade competente da Consellería de Medio Ambien-  
te, xuntando os informes esixidos no dito apartado,  
debidamente motivados. No caso de que se dictara  
resolución apreciando agresividade, o titular dispo-

rá do prazo dun mes, a contar desde a súa notificación, para solicitar a licenza administrativa.

*Artigo 4º.—Órgano competente para a concesión da Licencia.*—Tramitado o expediente conforme ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, concederáse a licenza e o número correspondente da mesma, mediante resolución do órgano que teña atribuída a competencia.

*Artigo 5º.—Requisitos e documentación para a obtención da licenza municipal.*—1.—Para a obtención da licenza municipal será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos: a) Ser maior de idade. Acreditarase mediante fotocopia do DNI ou do pasaporte. b) Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenza de animais potencialmente perigosos. Acreditarase mediante certificado de antecedentes penais. c) Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 2 do artigo 13 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, no seu caso, renovación da licenza, ter sido sancionado coa suspensión temporal da mesma, sempre que, no momento da solicitude, a sanción de suspensión anteriormente imposta fora cumprida integramente. Acreditarase mediante certificado negativo expedido pola Consellería de Medio Ambiente. d) Dispoñer de certificado de capacidade física e aptitude psicolóxica para a tenza de animais potencialmente perigosos, expedido polo director dun centro médico-psicotécnico debidamente autorizado, conforme se recolle nos artigos 4º, 5º e 6º do RD 287/2002, do 22 de marzo. e) Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poida causa-lo animal, cunha cobertura mínima de 125.000 euros. Este seguro deberá renovarse anualmente. Acreditarase mediante presentación de copia da póliza de seguro claramente detallada ou certificado da compañía aseguradora.

*Artigo 6º.—Vixencia e Renovación das licencias.*—1.—As licencias terán unha vixencia de cinco anos. Transcorrido este período deberán ser obxecto de renovación, por período de igual duración, mediante a presentación da mesma documentación esixida para a súa obtención e sinalada no artigo anterior. 2.—A licenza perderá a súa vixencia no momento no que o seu titular deixe de cumprir calquera dos requisitos establecidos no artigo anterior.

*Artigo 7º.—Acreditación da licenza.*—A tenencia da licenza municipal acreditarase mediante a entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado, e mediante a entrega dunha tarxeta acreditativa expedida polo Concello, onde se fagan constar os seguintes datos: Número da licenza municipal. Data de resolución do expediente de solicitude da licenza. Data de caducidade da vixencia da licenza. Nome e apelidos do titular. DNI do titular. Enderezo do titular. Fotografía actualizada do titular. Selo do concello.

*Artigo 8º.—Revisión e Revogación da licenza.*—1.—Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo seu titular no prazo de 15 días, contados desde a data en que se produza, ó órgano competente do concello ó que corresponda a súa expedición, para que se proceda a realiza-la revisión correspondente. 2.—A perda polo titular de calquera dos requisitos esixidos no artigo 5º, dará lugar á revogación da licenza municipal outorgada, previa tramitación de expediente contradictorio. A revogación da licenza dará lugar á perda do dereito á tenza do animal. O propietario procederá, no prazo máximo de quince días, á entrega do animal a un novo propietario que posúa licenza en vigor. De non atoparse un novo propietario no prazo referido, farase entrega do animal no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do concello, respectando en todo momento o disposto na Lei 1/1993, do 13 de abril, e nos artigos 53 ó 60 do Decreto 153/1998, do 2 de abril, que a desenvolve.

### CAPÍTULO III.

#### DO REXISTRO MUNICIPAL

*Artigo 9º.—Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.*—1.—Créase o Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, no que se inscribirán os animais potencialmente perigosos que teñan a súa residencia habitual no concello. 2.—O Rexistro terá un tratamento informatizado, no que se farán constar, de conformidade co disposto no artigo 4.2 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, como mínimo, os seguintes datos: Datos do animal: \* Número de microchip. \* Nome do animal. \* Especie. \* Raza (no caso de cans). \* Sexo. \* Características externas (descrición da capa, tipo e cor da pel, etc.). \* Data de nacemento. \* Aptitude (función do animal): compañía, garda, defensa, caza etc. \* Causa de inclusión no rexistro (sinalar supostos do artigo 2.2 do Decreto 90/2002). \* Enderezo habitual do animal. \* Data de adquisición do animal. \* Forma de adquisición do animal (cría, doazón, traspaso, venda, outras: especificar). \* Observacións. Datos do propietario, posuidor ou tenedor: \* DNI. \* Apelidos. \* Nome. \* Enderezo habitual. \* Teléfonos de contacto. \* Licenza administrativa: número de licenza, data de expedición e

concello de expedición. 3.—A identificación definitiva con microchip dos animais potencialmente perigosos é obrigatoria sen excepcións. A identificación con microchip de tódolos cans, independentemente da súa raza ou condición, será obrigatoria a partir do 2 de xullo de 2003, tal e como se recolle na disposición transitoria segunda do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro. 4.—O Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos é un rexistro de carácter público, ó que terá acceso as Administracións Públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos obrantes no mesmo. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro será conforme ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos persoais.

*Artigo 10º.—Inscripción no Rexistro.*—1.—Os titulares da licenza administrativa están obrigados a efectuar a inscrición do animal no Rexistro Municipal do concello de residencia habitual do animal, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza, tal e como se recolle no artigo 6.2º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, e no artigo 4.1º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro. 2.—Tamén será obrigatoria, a instancia do propietario, a inscrición do animal no Rexistro Municipal do concello correspondente cando se efectúe o traslado dun concello a outro por período superior a tres meses. 3.—Conforme se dispón no artigo 4.3º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, os datos recollidos no rexistro municipal serán remitidos á Consellería de Medio Ambiente, no prazo máximo de 15 días, contados desde o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

*Artigo 11º.—Acreditación da inscrición no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.*—A inscrición no rexistro acreditarase mediante entrega dunha copia da resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado e mediante entrega dunha tarxeta acreditativa, tamaño carné, expedida polo concello, onde se fagan constar os seguintes datos: \* Número do microchip e data de alta do animal no rexistro municipal. \* Nome, especie, raza, sexo, capa e data de nacemento do animal. \* Enderezo do animal. \* Nome e apelidos do propietario. \* Licenza do propietario (número, data de expedición, concello). \* DNI do propietario.

*Artigo 12º.—Baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.*—1.—A baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos efectuarase a instancia do interesado, previa acreditación da morte do animal (esta última certificada por veterinario ou autoridade competente). 2.—Igualmente procederase á baixa no Rexistro no caso de traslado de residencia habitual do animal a municipio distinto, que así quede acreditado a instancia do interesado. Neste caso o pro-

pietario deberá dar de alta ó animal no novo concello de residencia. 3.—A perda ou subtracción do animal, por un prazo superior a tres meses, considerárase baixa definitiva do animal no Rexistro. 4.—Farase constar no Rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do concello, como consecuencia da recollida dos mesmos da vía pública, que carezan de dono ou que sendo este identificado non o reclamase no prazo de 10 días do aviso efectuado, conforme o previsto no artigo 53 do Decreto 153/1998, do 2 de abril. Así mesmo, constatarán como de titularidade municipal os que foran obxecto de comiso definitivo ó propietario.

*Artigo 13º.—Comunicacións do propietario de animal ó Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.*—1.—O propietario do animal deberá comunicar ó Rexistro calquera variación dos datos que figuran nel, no prazo de 15 días desde que se producise a modificación. 2.—Deberá comunicarse ó rexistro municipal a venda, traspaso ou doazón do animal. 3.—Calquera incidente producido por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, faranse constar na folla rexistral de cada animal, tal e como se recolle no artigo 6.4º da Lei 50/1999, do 23 de decembro. No caso de agresións recollerase como mínimo, a seguinte información: data da denuncia, descrición dos feitos e consecuencias xurídicas. 4.—A subtracción ou perda do animal deberá ser comunicada polo titular do animal ó Rexistro Municipal, no prazo máximo de 48 horas desde que se teña coñecemento destes feitos, tal e como se recolle no artigo 8.6º do RD 287/2002, do 22 de marzo. 5.—Os propietarios de animais potencialmente perigosos deberán comunicar ó Rexistro a realización de castración ou esterilización do animal, se ista se producise, remitindo copia da certificación veterinaria correspondente que acredite este feito.

#### CAPÍTULO IV

*Artigo 14º.—Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos (REGIAC).*—1.—Ó amparo dos principios de lealdade institucional, cooperación e colaboración previstos no artigo 4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, crease a Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, que nutrirase cos datos remitidos polo REGIAC, dependente da Consellería de Medio Ambiente. 2.—Cos datos contidos nesta Sección formarase, a data 31-12 de cada ano, o Censo ó que se refire o artigo 27º do Decreto 153/1998, do 2 de abril.

## CAPÍTULO V

*Artigo 15º.—Circulación e permanencia dun can potencialmente perigoso en vías públicas e locais.*  
1.—Os propietarios, criadores ou posuidores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, en concreto nos seus capítulos IV, VII e X. 2.—A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle, leve consigo a licenza municipal e a certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos. 3.—Os cans potencialmente perigosos, en lugares e espazos públicos, deberá levar obrigatoriamente buceiro apropiado para a tipoloxía racial de cada animal. 4.—Os cans potencialmente perigosos deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de 2 metros, sen que poida levarse máis dun destes cans por persoa.

## CAPÍTULO VI

*Artigo 16º.—Cans potencialmente perigosos abandonados ou vagabundos.*—1.—A Administración local é responsable da recollida e mantemento dos animais vagabundos ou abandonados, segundo se recolle no artigo 11.1º da Lei 1/1993, do 13 de abril, e no artigo 54º do Decreto 153/1998, do 2 de abril. 2.—Os animais recollidos serán trasladados e mantidos en centros de recollida de animais vagabundos ou abandonados autorizados e rexistrados. As instalacións destinadas a albergar cans potencialmente perigosos deberán reunir as medidas de seguridade necesarias para evitar as fuxidas sen producir danos ós animais. 3.—Os prazos de estadia previstos serán os que se dan para tódolos individuos da especie canina e que veñan reflectidos nos artigos 53, 57 e 58 do Decreto 153/1998, do 2 de abril. 4.—Estes animais poderán ser cedidos en adopción sempre e cando o novo propietario posúa a licenza administrativa correspondente, e o can supere as probas de socialización que demostren que o animal non é perigoso para a seguridade das persoas.

CAPÍTULO VII  
INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

*Artigo 17º.—Infraccións.*—1.—En materia de infracción e sanción rexerá o disposto na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos e na Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro. 2.—As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Orde-

nanza clasifícanse como moi graves, graves e leves. 3.—Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves, as previstas no artigo 13.1º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 22º da Lei 1/1993, do 13 de abril. 4.—Terán a consideración de infraccións administrativas graves as previstas no artigo 13.2º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 21º da lei 1/1993, do 13 de abril. 5.—Son infraccións administrativas leves as previstas no artigo 13.4º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 20º da lei 1/1993, do 13 de abril.

*Artigo 18º.—Sancións.*—1.—As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas con contías que serán as fixadas no artigo 13.5º da lei 50/1999, do 23 de decembro, e no artigo 24º da Lei 1/1993, do 13 de abril. 2.—En todo caso, as infraccións graves e moi graves tipificadas no artigo anterior desta Ordenanza, poderán levar aparelladas como sancións accesorias á confiscación, comiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

*Artigo 19º.—Responsable.*—Considéranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participaran na comisión das mesmas, o propietario ou posuidor dos animais ou, no seu caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, asemade, o encargado do transporte.

*Artigo 20º.—Procedemento sancionador.*—O procedemento sancionador aplicable rexerá polo establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, a Lei 1/1993, do 13 de abril, así como a Lei 30/1992, do 26 de novembro e as normas que as desenvolven.

*Artigo 21º.—Exercicio da Potestade Sancionadora.*—1.—Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da lei 1/1993, do 13 de abril, serán: a) Por infraccións leves, o Alcalde. b) Por infraccións graves, o Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente. c) Por infraccións moi graves, o Conselleiro de Medio Ambiente. 2.—A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves correspóndelle ó Concello. Non obstante, o Alcalde poñerá en coñecemento, de xeito que faga fe, do Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave. 3.—Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

## CAPÍTULO VIII.

DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIA,  
RENOVACIÓN, INSCRIPCIÓN REXISTRAIS E AS  
SÚAS MODIFICACIÓNS E CANCELACIÓNS

*Artigo 22º.—Obxecto.*—De conformidade co disposto nos artigos 15º e 19º en relación co artigo 20º da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza, as súas renovacións, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións.

*Artigo 23º.—Feito impositivo.*—O feito impositivo da Taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta Ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas desta Ordenanza.

*Artigo 24º.—Suxeito pasivo.*—Son suxeitos pasivos da Taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal, e os propietarios que soliciten a expedición da licenza ou que renoven a mesma.

*Artigo 25º.—Responsables.*—1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1º e 39º da Lei Xeral Tributaria. 2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40º da Lei Xeral Tributaria.

*Artigo 26º.—Devengo.*—1.—O devengo das taxas producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito impositivo. 2.—A non concesión da licenza, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

*Artigo 27º.—Tarifas.*—1.—Licencia de Cans Potencialmente Perigosos: 10 €. 2.—Renovación de Licencias: 6 €. 3.—Inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos: 15 €. 4.—Modificacións rexistras: 2 €. 5.—Cancelación rexistral: 2 €.

*Artigo 28º.—Ingreso da Taxa.*—O ingreso da Taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

*Artigo 29º.—Infraccións sancións.*—En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos, 77º e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.—Quedan exentos da obriga de obtención de licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de or-

ganismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

DISPOSICIÓN FINAL.—A presente Ordenanza entrará en vigor ós quince días da súa publicación íntegra no Diario Oficial da Provincia, de conformidade e co disposto nos artigos 65.2 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello.

Cambados, a 25 de abril de 2003.—O Alcalde,  
José Manuel Cores Tourís. 3476

## E D I C T O

Téndose elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial da nova Tarifa da Ordenanza Reguladora da Taxa por asistencia e estancias na Gardería Infantil Municipal de Cambados, e dando cumprimento ó disposto polo artigo 70 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, fánse públicas as novas contías da mesma, que son as seguintes:

## T A R I F A

<i>Renda per capita mensual</i>	<i>Cota mensual</i>
Familias con renda inferior ó 50% do Salario Mínimo Interprofesional.....	Exentas
Familias con renda entre 50% e o 75% do S.M.I.....	33 €
Familias con renda entre o 75% e o 100% do S.M.I.....	66 €
Familias con renda entre o 100% e o 150% do S.M.I.....	99 €
Familias con renda superior ó 150% do S.M.I.....	110 €

*Nota.*—Segundo as circunstancias da unidade familiar das cotas resultantes de aplica-la tarifa establecida, realizaranse os seguintes descontos: \* 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa. \* 20% no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental. 20% no caso de asistencia doutro irmán á Gardería. Os anteriores descontos, cando se produzan nunha mesma familia, serán acumulables.

Cambados, a 25 de abril de 2003.—O Alcalde,  
José Manuel Cores Tourís. 3477

\* \* \*

## SILLEDA

## A N U N C I O

Transcurrido o prazo de trinta días hábiles dende a publicación no B.O. da provincia de anuncio relativo a aprobación inicial da "Ordenanza Reguladora do Deber de Uso, Conservación e Rehabilitación das Edificacións", sen que contra o mesmo se viñeran a producir ningunha reclamación ou suestión, elevase tal aprobación inicial a definitiva,